

Neaño - Cesullas - Cabana de Bergantiños, 1980

Informante: Manuel (52)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Ponteceso I, 1, Neaño

CD 136-3

Eduardo	70 anos	(pandeireta)
Manuel	52 "	(gata)
Francisco	59 "	
	13	

(3)

Manolo

I,1,422.

Unha noite de inverno
máis oscura que a boca do inferno
camiño da devesa pasaniño
cō meu pan da moca ó brazo,
<Cō meu bastón>
por medo de eu apañar algún trompazo
eu iba á casa de Pedro da Ghorriña
onde todas as mozas da Coutada
se xuntaron alí á noite para a fiada
Alí estaba Mincucha Ráfaela,
Rosa de Corondán,
Pepa d'Agosto,
a neta de Xacobo do Miñoto
e mai-la miña Sabela
Estando eu sentado coa miña Sabela
entráronme para dentro
tres homes, tres minicreques.
Naquel tempo había unha candelexa de ~~gas~~.
E os rapaces pegáronlle un soplo
a candelexa
pa començar unha brincadeira co~~lla~~,
<coa miña moza>
E veñi, eu e saquei a caixa dos
fósferos meu home
e sequei un fósferos súpitemente
e vexo todos aqueles
nun rebumbio esparsida
polo chan a xente
pesquei o meu pau da moca
e cárgolle catro paus ó xeito
o ~~agui~~ que me apaghon a candelexa
.....a m'n debe~~n~~ quedar dreito+ho
Inda debo os ceos que lle eu dera
se eu alí ó punto a miña rapaciña
non tivera
¿Non te acordas nena?
Ben me acordo ho, ben
daquel día no muiño que tiña
unha porta vella,
tapábase cuns salgheiros postos
en dúas fileiras.
un reghato funca entre eles
nun morado porque apertan
e retórcese no cubo por poder
fuxir as veighas.

430.

o tío



Museo
do Pobo
Galego



Instituto de
estudos das
identidades

Ponteceso I, 1, Neaño, Manolo

CD 136-3

I,1,

Marica moza garrida,
blanca coma a neve mesma.
Está sentada no muiño,
co fuso ghindando a beira
á roca,
a roca chincando ó peito, o fuso
ghindando a beira.
Nistante oise bater na porta
pum, pum
Erghe Marica a cabeza,
esperdizandose toda coma se alghén
lle fixera coxeghas polas costelas.
-Son o mensmo nena! Non me abres?
-Váite quentar á lareira, ho
-Pois logho adios, inda estoupes rapaza.
-E logho vaste?
-As carreiras
Marcha Bras cantando atruxos
e pasando polas veighas v
Erghe sevos ela, a moza, e ven abrir
mui de presa.
Entra para dentro Blas.
Se non ves a facer burla eche boa,
non afellas, eh,
!Ai Marica! o que es ti non
sendo outra.
Se outra nena a min non me atenta.
Catados xa os dous xuntos,
!Meu amigo! fora a alma
macho e femia.
Despois dun pouco palique
comenzou a brincadeira.
-Tate quieto Bras, !Dios diante!
!Ai que de modio das lérias
Ti sei que ves relomado chaval,
que che mordo unha orella, eh.
-Condenada que me rompe-la
chaqueta, boba, deixa.

Esta copla que a Marica cando
a escoita arrabea:
Cando o ghale bate as alas no alto
da capoeira á di:
"Fixéchela boa"
Marcha Bras cantando atruxos
e pasando polas veigas.
E contestalle ela:
?E despois que, neno?

Ponteceso I, 1, Neaño, Manolo

CD 136-3

I,1,

-Antes de pasa-lo río, rapaza,
deiche un bico e unha aperta.
E despóis que me pasaches
un corno por ser tan besta.

FIN .

2.50